

NOTA DE PRENSA

A agrupación musical de pulso e púa Casa de la Troya participará esta fin de semana en Coímbra nun certame de antigas tunas

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017 (Vía Láctea Comunicación).- A agrupación musical de pulso e púa Casa de la Troya da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, que dirixe Fernando Reyes, participará esta fin de semana en Coímbra nun Encontro de Cuarentunas e Tunas de Veteranos, chamado *Quadragésimo*, que se vén celebrando desde hai sete anos. Arredor de vinte troianos exhibirán en Portugal cancións do repertorio tradicional, así como outras pezas de finais do s. XIX e principios do s. XX.

A Tuna Compostelana fixera en 1888 unha viaxe a Portugal, actuando en Coímbra, Porto e Lisboa. O director de La Casa de la Troya, Benigno Amor, sinala que fóra unha aventura memorable: “Ficou nos anais da historia académica pola extraordinaria acollida que tiveran os nosos estudantes entre o pobo portugués. O suceso foi de tal importancia que, ao pouco tempo, universitarios lusos devolveron a visita á Galicia, onde igualmente foron recibidos con gran entusiasmo”.

Amor engade que esta viaxe, xunto coa que fixo a agrupación troiana o ano pasado a Porto, é “unha forma tamén de conmemorar aqueles intercambios históricos, onde se evidenciaba a fraternidade e gozo universitarios”.

Ademais dos anfitrións, a Quarentuna de Coimbra, e a agrupación troiana, intervirán a Tuna Veterana da Universidade de Aveiro e a Tuna Veterana da Universidade Portucalense (Porto).

NOTA.- Xuntamos foto

PRENSA_ 981 554 407 _ 609 172 304 www.vialactea.es

www.lacasadelatroya.gal <https://www.facebook.com/MuseoCasadelaTroya/#>